



Resolución da Comisión I do proceso selectivo para a provisión de postos vacantes no cadro de persoal da sociedade mercantil pública autonómica EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), convocado por Acordo do 27 de setembro de 2023.

ASUNTO: Acordo polo que se publica o resultado da valoración de méritos e se convoca a proba de coñecemento do idioma galego, da categoría Técnico Superior (15-TS-AF-EC(D)) e 15-TS-AF-EC).

1. Conforme ao establecido nas bases que rexen o proceso selectivo no seu apartado VIII.2. Valoración de méritos e unha vez finalizado o prazo de presentación de acreditación de méritos, esta Comisión avaliou os méritos que foron presentados polas persoas aspirantes.

A puntuación máxima nesta fase é de **30 puntos**.

Pola experiencia profesional en postos de traballo da mesma categoría onde se realizaran funcións semellantes ás do posto convocado, a puntuación máxima é de **20 puntos**.

Polos cursos de formación e/ou perfeccionamento nos eidos correspondentes aos da categoría e perfil, a puntuación máxima é de **10 puntos**.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web de SEAGA (www.epseaga.com) para poder realizar as alegacións que estimen oportunas. No caso de non presentarse alegación ningunha a avaliación adquirirá carácter definitivo.





Categoría: Técnico Superior Código proceso: 15-TS-AF-EC				
DNI	Apelidos e Nome	Experiencia profesional	Formación complementaria	Valoración méritos
8115*	Fernández-Sanjuas García, Francisco Javier	0	2	2
2387*	Lozano Ruíz, María Trinidad	20	4,50	24,50
9324*	Moledo Laíño, Ángela	5,47	5,50	10,97
4831*	Rivadulla Bello, Analía	0	8	8
4672*	Roman Sánchez, Olaya	1,23	7	8,23
4589*	Sieira Pérez, Juan Andrés	0	10	10
5801*	Yáñez Miragaya, Carlos	0	9	9

2. Conforme ao establecido nas bases que rexen o proceso selectivo no seu apartado VIII.3. Coñecemento do idioma galego, acórdase a convocatoria do exame de galego para aquelas persoas aspirantes que non tiveran acreditado estar en posesión do CELGA 4 ou os estudos equivalentes debidamente homologados de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecementos da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo) modificado pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

A proba realizarase o día **2 de setembro de 2024, ás 16:00 h**, na Escola Galega de Administración Pública, Rúa Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, Seminario A, 1º andar.

3. Así mesmo, acórdase establecer as seguintes normas no desenvolvemento do exercicio:





- a. As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución, ou outro documento fidedigno que, a xuízo da Comisión de Selección, acredite a súa identidade.
- b. As persoas aspirantes deberán ir provistas dun lapis nº2.
- c. O exercicio realizarase a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros da Comisión de Selección, e as persoas designadas como colaboradoras.

Queda prohibido a entrada con dispositivos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes, ou calquera outro material ou instrumento do que se poidan valer as persoas aspirantes para a realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles ou outros dispositivos

4. Examinada a documentación presentada conclúese que ten que realizar a proba de coñecemento de Galego:

- María Trinidad Lozano Ruiz

Asinado dixitalmente

Presidenta:

Marta Pardo Manzanares

Secretaria:

María Teresa Delgado Calvo

